

RESOLUCIÓN DA XEFA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR NA CORUÑA POLA QUE SE PUBLICA A LISTAXE DE PERSOAS ASPIRANTES SELECCIONADAS NO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN NA MODALIDADE DE POLIQUETOS A PÉ, PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA NA CONFRARÍA DE PESCADORES DE MALPICA, E SE ABRE O PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

ANTECEDENTES

1. O plan de xestión conxunto de poliquetos a pé e a mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie das Confrarías de pescadores de Corme, Camelle, Laxe e Malpica (PE410A 2021/59-1), aprobouse para o trienio 2022-2024 mediante a Orde do 22 de decembro de 2021 pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia (DOG Núm. 251, do 31.12.2021).
2. De conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión conxunto para a explotación dos poliquetos a pé e a flote para o trienio 2022-2024, adóptase que o número máximo de participantes a pé no plan en dezaseis (16) permisos totais, repartidos en sete (7) para a Confraría de Malpica, cinco (5) para a Confraría de Corme, dous (2) para a Confraría de Camelle e dous (2) para a Confraría de Laxe. Tendo en conta isto, o número de prazas vacantes por cubrir na Confraría de Malpica é dous (2) prazas.
3. O 16.03.2022 á confraría de pescadores de Corme, como representante do plan conxunto, remitiu solicitude de cobertura das prazas vacantes a pé existentes para a explotación dos poliquetos ao abeiro do plan de xestión.
4. Por resolución do 27.02.2023 desta xefatura territorial convocouse proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de poliquetos a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da confraría de pescadores de Malpica. Neste proceso convocáronse as dous (2) prazas sinaladas anteriormente.
5. Por resolución do 21.04.2023 da xefa territorial da Consellería do Mar da Coruña, publicouse a listaxe provisional das puntuacións obtidas polas persoas aspirantes admitidas ao proceso selectivo e as persoas excluídas do proceso. Esta resolución estableceu un prazo de quince (15) días hábiles, a contar a partir do seguinte ao da súa publicación, para efectuar alegacións ás puntuacións outorgadas. Transcorrido o prazo



anterior ningunha das persoas aspirantes presentou alegacións ás puntuacións provisionais outorgadas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. A Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, determina na Sección 1ª do Capítulo II, o procedemento para a obtención do permiso de explotación a pé para recursos específicos, entre os que figuran os poliquetos.
2. As solicitudes presentadas valoráronse de acordo co establecido na Resolución do 4 de maio de 2016 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para obter o permiso de explotación a pé para recursos específicos.
3. Esta xefatura territorial é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación de conformidade co establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, modificado polo Decreto 114/2007, de 31 de maio, e polo Decreto 48/2013, do 7 de marzo.

De acordo con todo o anterior, e co disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 245/2009, do 30 de abril (DOG nº 84, do 1 de maio de 2009), polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia, e no Decreto 177/2016 (DOG nº 239, do 16 de decembro de 2016), polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, esta xefatura territorial no exercicio das súas competencias,

RESOLVE

- 1º. Facer pública a listaxe definitiva das persoas que superaron o proceso selectivo e as que non o superaron, para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de poliquetos a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da confraría de pescadores de Malpica.
- 2º. As persoas seleccionadas disporán dun prazo de quince (15) días hábiles, a contar a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución, para achegar a documentación que figura na base 3.2 do anexo A da convocatoria:

- a) Certificado de estar empadroada nun municipio do litoral de Galicia. Esta documentación non será necesaria que se presente no caso de consentimento expreso da persoa para comprobar os datos de residencia mediante consulta ao sistema de verificación de datos de acordo co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde do 7 de xullo de 2009.



b) Certificado da Seguridade Social de non ser perceptora de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares ou perceptor da renda de integración social de Galicia. As persoas perceptoras da renda de integración social deberán renunciar a ela. Non será necesario en caso de autorización á Consellería do Mar para a consulta destes datos.

c) Documentación acreditativa de non estar incapacitada para exercer os labores de marisqueo.

As persoas que dentro do prazo fixado non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados, entenderase que desisten da súa solicitude.

Neste suposto, emitirase unha nova resolución modificando esta, consonte aos prazos e forma recollidos nos parágrafos anteriores, declarando seleccionada/s a/as persoa/s que figuren na lista de reserva polo desestimento das persoas que non presentaron a documentación ou carecen dos requisitos.

De acordo co disposto no Decreto 425/1993, do 17 de decembro e a Orde do 30 de decembro de 2015, as persoas seleccionadas que presentaron a documentación dentro do prazo establecido deberán cumprir cos seguintes requisitos para a obtención do permiso de explotación:

a) Estar en posesión do certificado profesional correspondente.

b) Non ter sancións firmes en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendentes de pagamento.

c) Non ser armador/a dunha embarcación que teña algunha modalidade de recursos específicos no seu permiso de explotación.

d) Non ter acreditación de tripulante habilitado para a explotación de percebe nunha embarcación.

4º. A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios da xefatura territorial da Coruña e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores de Malpica.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A xefa territorial
María José Cancelo Baquero
(sinatura dixital)

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xfaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal



I.- MALPICA.- RELACION DE PERSOAS ADMITIDAS SELECCIONADAS E NON SELECCIONADAS NO PROCEDEMENTO PARA OBTEN O PERMISO DE EXPLOTACION DE POLIQUETOS A PÉ.

LISTAXE DEFINITIVA

Nota: ocúltase parcialmente o número de D.N.I. en aplicación das garantías de protección da súa divulgación, seguindo o establecido pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais en relación á identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicacións de actos administrativos, así como a orientación para a súa aplicación da Axencia Española de Protección de Datos.

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	D.N.I.	PUNTOS	1	2A	2B	3A	3B	3C	4
AÑON	LEMA	VICTOR	***2746**	6,03	0,00	1,88	0,15	2,00	0,00	0,00	2,00
CASTRO	PENA	DAVID	***6773**	5,95	0,00	2,80	0,15	1,00	0,00	0,00	2,00
FERNANDEZ	MUÑIZ	MARCOS STEVEN	***8439**	4,53	0,00	1,08	1,25	0,00	0,00	0,20	2,00
MARTINEZ	VIDAL	SONIA	***2370**	4,25	0,00	0,00	0,25	2,00	0,00	0,00	2,00
RODRÍGUEZ	BUGALLO	FRANCISCO	***2410**	2,25	0,00	0,00	0,25	0,00	0,00	0,00	2,00
COUSILLAS	POSE	RAFAEL	***6927**	0,15	0,00	0,00	0,15	0,00	0,00	0,00	0,00

Os epígrafes de cada columna son:

- PUNTOS acadados en total
- 1.- PARO: tempo transcorrido como desempleado/a, sempre que na actualidade sexa demandante de emprego, non en mellora de emprego: 0,25 puntos/mes completo durante un máximo de 1 ano inmediatamente anterior á convocatoria (puntuación máxima 3 puntos).
- 2.- FORMACIÓN:
2.A ACTIVIDADES DE FORMACIÓN (cursos, seminarios e xornadas ou asimiladas):
Valoración das actividades que foron recoñecidas como mérito para acceder ao permiso de marisqueo a pé para recursos específicos e que figuran inscritas no catálogo de actividades formativas anexo a Resolución do 27.02.2023 da xefa territorial da consellería do Mar na Coruña pola que se convoca o proceso selectivo.

2.b TITULACIÓN ACADÉMICA: Graduado en ESO ou equivalente: 0,15 puntos; Bacharel ou equivalente: 0,25 puntos; Diplomado universitario ou equivalente: 0,35 puntos e Licenciado universitario ou equivalente: 0,50 puntos. Ás persoas que posúan algunha titulación profesional regulada de acuicultura, engadiráselles 1 punto.

A suma de puntos do apartado de formación non superará os 3 puntos

- 3.- EXPERIENCIA PROFESIONAL NA EXTRACCIÓN DE RECURSOS MARIÑOS:
3A PERMEX A PÉ DE RECURSOS ESPECÍFICOS: Nos 2 anteriores á convocatoria, salvo perda por sanción ou incumprimento dos requisitos do plan. 1 punto por ano completo
3B PERMEX A PÉ DE MARISQUEO XERAL: Nos 2 anteriores á convocatoria, salvo perda por sanción ou incumprimento dos requisitos do plan. 0,5 puntos por ano completo

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xefaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal



- 3C ENROLES: tempo enrolado como percebeiro/a (con acreditación) ou mergullador/a en embarcacións que contan coa modalidade no seu permiso de explotación nos 2 anteriores á convocatoria. 0,04 puntos por mes completo sempre que a actividade rexistrase actividade pesqueira e vendas para esa modalidade.
A suma de puntos do apartado de experiencia profesional non superará os 2 puntos máximo
- 4.- PADRÓN: Por estar empadroado nun concello situado no ámbito territorial da entidade titular do plan de xestión un mínimo de 1 ano anterior á convocatoria. 2 puntos

II.- MALPICA.- RELACIÓN DE PERSOAS EXCLUÍDAS

Non hai persoas aspirantes excluída

